


NOVAS PENZOL


NOVIDADES DA FUNDACIÓN PENZOL

https://hoxe.vigo.org/movemonos/m_penzol.php?lang=gal#



DOAZÓN DO ARQUIVO DE XOSÉ MANUEL GARCÍA CREGO

O 26 de outubro de 2022, Xosé Manuel García Crego asinou, xunto co presidente da Fundación Penzol, Manuel Puga Pereira, o documento de doazón dun fondo documental que, ademais da familia García Crego, tamén achega documentos procedentes das familias Cid Cabido e López García (María Llanos García e Vicente López).



O presidente da Fundación Penzol, Manuel Puga Pereira e Xosé Manuel García Crego, asinando o documento de doazón

FUNDACIÓN PENZOL

Casa Galega da Cultura
Praza da Princesa, 2
36202 · VIGO

Teléf.: 986 226 459

CORREO-E:
fundacion.penzol@vigo.org

HORARIO PÚBLICO:
luns a venres: 9:00 a 14:00 horas

XOSÉ MANUEL GARCÍA CREGO

Estudante da universidade compostelá en 1968, as mobilizacións estudiantís dese ano supuxeron un punto de inflexión para a súa traxectoria vital, que deu nunha coñecida militancia en posicións políticas de esquerda.

Enxeñeiro Técnico Industrial, traballou en Citroën entre os anos 1973 a 1975; foi director de produción e de edición en Edicións Xerais de Galicia desde 1983 ata a súa xubilación en 2015.

Militante da UPG, pertenceu ás direccións Executiva e Central, foi secretario de organización entre os anos 1971-1976, ocupándose tamén dunha parte da súa sección de propaganda. En agosto de 1975 tivo que exiliarse no Porto. Despois do seu regreso clandestino a Galicia, resulta detido en xuño de 1976, ingresando na cadea da Coruña. Abandona a UPG en novembro dese ano.

Na súa longa traxectoria política e sindical, formou no núcleo fundador de Galicia Ceibe (OLN) e do Partido Galego do Proletariado; codirixiu, con X. L. Méndez Ferrín os periódicos *Espiral* e *Sempre en Galicia* (do PGP). Tamén foi dirixente da Fronte Popular Galega ata novembro de 2009. Pertenceu á CSG (Confederación Sindical Galega), á INTG, á CXTG (Confederación Xeral de Traballadores Galegos) —de cuxo periódico *Adiante* foi coordinador— e á CIG, da que se deu de baixa en 2016.

Para a CXTG editou a serie de libros Sede Central Relatos. Foi membro do Clube Cultural Adiante, editando o libro do I Congreso da Lingua e a Cultura galegas en Asturias, León e Zamora.

Tamén tivo unha presenza activa no asociacionismo cultural e social. É membro da Asociación de Amizade Galego-Cubana “Francisco Villamil”, da que foi presidente no tempo do período especial cubano, nos primeiros anos da década de 1990. Alentou e formou parte das Redes Escarlata e conformou o núcleo inicial e a xunta directiva da organización de defensa medioambiental Salvemos Monteferro. Foi membro do Instituto de Estudos Miñoráns e, entre 2010 e 2018, presidente do coro galego Cantares do Brión, con sede no Val Miñor.



Nesta casa, restaurada de a pouco, do lugar de Prado, na parroquia nigranesa de Priegue, permaneceu instalado o aparello de propaganda da UPG no primeiro semestre de 1975



Nun apartamento deste edificio da parroquia baionesa de Sabarís, imprimíronse a multicopista nun tempo (talvez 1974) varias das publicacións que fan parte da doazón de materiais da UPG

FAMILIA GARCÍA CREGO

Os irmáns García Crego: Xosé Manuel, Emilio e Luís (falecido en 2014) foron desde idade temperá, na época franquista, militantes da esquerda e do galeguismo.

FAMILIA CID CABIDO

Sara, Lucía e Xosé Cid Cabido integráronse desde moi novos no movemento estudantil no Instituto Santa Irene, permanecendo ligados toda a súa vida ao nacionalismo de esquerdas.

FAMILIA LÓPEZ-GARCÍA

Vicente López e María de los Llanos García Castellanos, ambos os dous falecidos prematuramente, toman partido pola política de esquerda e do nacionalismo no 68 compostelán. Conservaron documentos daquela época da Universidade Galega, que agora son doados á Fundación Penzol para o seu Arquivo.



Asistentes ao acto de sinatura. De pé, da esquerda a dereita: Emilio García Crego, Eire García Cid, Elsa Costas, Xosé Manuel Soutullo, Lucía Cid Cabido, Xosé María Brañas e Francisco Domínguez. Sentados: Manuel Puga Pereira e Xosé Manuel García Crego.

RELACIÓN DE ENTRADA

O fondo recolle documentación da Unión do Pobo Galego / Movemento Nacional-Popular Galego.


Destas mesmas organizacións existe xa un fondo no Arquivo Penzol producido a través das achegas de Xosé María Brañas e Elsa Costas. Este fondo, titulado Unión do Pobo Galego / Movemento Nacional-Popular Galego, está organizado e descrito ata o nivel de serie.

A documentación incluída na organización do fondo existente e do material doado responde á mesma entidade, completando esta última os fondos anteriormente depositados, sen que se localicen a maiores contidos de alcance estritamente persoal entre eles. Incorporarase ao fondo Unión do Pobo Galego / Movemento Nacional-Popular Galego, sinalando na historia arquivística as procedencias e depositario desta doazón.

As datas extremas aproximadas dos documentos van de 1973 a 1993, predominando o período que se estende de 1973 a 1980.

Unión do Pobo Galego


1. *Canle* (1973/06): 1 unidade documental
2. UPG no exterior: 2 unidades documentais.
 - *Galicia Emigrante* (números 3 e 14)
3. Documentos de formación: 1 unidade documental
 - *Cadernos de Educación Política* (número 6)
 - *Centralismo democrático* (1973/08).
4. Documentos internos: 3 unidades documentais. Contén:
 - *Encol do partido e do frente* (1973/08)
 - *Pola construción dunha organización de novo tipo* (1977/IX)
 - *Bases para un goberno povisorio galego*
5. Propaganda, comunicados e manifestos: 27 unidades documentais. Inclúe, entre outros, carteis, propaganda, follas en oitava, declaracións conxuntas (UPG - PSAN - ETA), Carta de Brest, manifestos ao estudantado e clase traballadora e a declaración *A crisis política no Estado español*.



Canle, xuño 1973


Sindicalismo nacionalista

1. Sindicato Obreiro Galego (SOG): 24 unidades documentais. Formado, na maior parte, por números dos voceiros *Eixo*, *Adiante*, *Galego!*, *Obradoiro*, *Ferramenta* e *Xerme*. Figuran tamén comunicados, programas e recortes.
2. Unión de Traballadores do Ensino de Galicia (UTEG): 6 unidades documentais. Inclúe programas provisionais, comunicados e un número de *Alento*.
3. Intersindical Nacional Galega / Intersindical Nacional de Traballadores Galegos: aproximadamente, 74 unidades documentais. Propaganda, estatutos, programas, publicacións e documentación interna. Figuran varios de organizacións anteriores á fusión (SOG) e tamén doutras organizacións coas que se integrará a ING (Confederación Sindical Galega), de rupturas (CXTG-IN) e de novas reunificacións CXTG-CIG. Inclúe relatorios, programas e regulamentos relativos a estes grupos. Por outra banda, inclúe 2 números de *O Roxo* (voceiro da Liga Comunista Revolucionaria), que non garda relación co resto de organizacións.
4. Comisións Labregas / Sindicato Labrego Galego: 5 unidades documentais. Contén 4 números de *Fouce* e unha oitava de propaganda.
5. Estudantes Revolucionarios Galegos (ERGA): aproximadamente 46 unidades documentais. Formada por propaganda, varios números de *Lume*, comunicados e documentación interna.



Eixo, xuño 1974 // I Asemblea SOG, abril 1976

AN-PG e BN-PG



Bases Goberno Provisorio

1. Asamblea Nacional-Popular Galega (AN-PG): 22 unidades documentais. Na maioría, propaganda e documentación interna; figuran varios documentos pertencentes ao BN-PG.


2. Fronte cultural: 4 unidades documentais. Comunicados, propaganda e o texto *A dependencia económica de Galicia*.

3. Fronte veciñal: 9 unidades documentais. Inclúe un cartel dun Festival Popular Galego, comunicados e propaganda e números soltos dos voceiros *O Cadro*, *A Xunta* e *A Voz do Condado*.

4. Bloque Nacional-Popular Galego (BN-PG): 4 unidades documentais. Propaganda, recortes de prensa e documentación interna.

Colección de documentos sobre outras organizacións políticas

Conxunto heteroxéneo formado por, aproximadamente, 60 unidades documentais. Recolle documentación —propaganda e voceiros— doutras organizacións sindicais e políticas (PSG, CCOO, Unidade Galega, MCG, Información Obreira, Larga Marcha, CNT...). Inclúe tamén prensa portuguesa, un número de *Rego* e dous de *O Mallo*. Xunto a estes, figuran tamén unha serie de follas en oitava e un cartafol elaborado con motivo do *Día da Patria Galega* de 1978, do que na altura se descoñece autoría.



O Mallo, XII-1973


Enderezo

Casa Galega da Cultura
Praza da Princesa, 2
36202 - VIGO
Teléf.: 986 226459

correo-e: fundacion.penzol@vigo.org

Horario público: luns a venres: 9:00 a 14:00 horas

Na rede

 https://hoxe.org/movemonos/m_penzol.php?lang=gal#
@Fundación Fermín Penzol

PRODUCCIÓN

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Maquetación
Hayat Husein

